

FRANCISCO FERNÁNDEZ DAVILA RECIBE O PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL POLA SÚA OBRA *GROENLANDIA*

- O escritor foi galardoado con 12.000 euros e coa publicación do seu libro por parte da Editorial Galaxia.

O escritor, **Francisco Fernández Davila**, recibiu esta tarde na Coruña o Premio Narrativa Breve Repsol en lingua galega grazas á súa obra ***Groenlandia***, que, en palabras do xurado, defínese como “un mosaico literario de perfecto encaixe construído a través da intriga, de humor e unha pasarela de personaxes que, sen ser de ningún lado, sempre quedarán engaiolados nas illas Azores”.

O acto de entrega tivo lugar na sede da Fundación Paideia Galiza e estivo presidido por **Valentín García**, secretario xeral de Política Lingüística, **Mercedes Gómez**, subdirectora de Relacións Institucionais de Fundación Repsol, e **Xosé Manuel Soutullo**, director xeral da Editorial Galaxia. Asistiron tamén o presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), **Cesáreo Sánchez**; o alcalde de Arteixo, **Carlos Calvelo**; concelleiros das corporacións municipais, coruñesa e arteixán; así como representantes de diversas institucións e entidades públicas, empresariais e culturais, acompañados da Directora do Complexo Industrial, **Natalia Barreiro** e do seu equipo de dirección.

Durante o evento fíxose entrega do galardón, consistente nunha dotación económica de **12.000 euros**; así como a **edición do libro** por editorial Galaxia, que xa se poderá atopar nas librerías a partir de mañá. Para pechar o acto, deron un recital o **Trío Black Devils** formado polos músicos **Nicolau Rodríguez**, Ramiro Lamas e **Rubén Deschamps**, que fusionan en cada actuación os seus estilos para interpretar os grandes éxitos da música clásica, popular e o jazz.

Dezasete edicións apoiando a creación en galego

No ano 2006 a refinería da Coruña creou en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Premio Narrativa Breve Repsol, que desde 2010 promove Fundación Repsol. Conta tamén co apoio da Editorial Galaxia, a Real Academia Galega e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

O obxectivo desta iniciativa cultural é impulsar e reforzar a creación de literatura en lingua galega, ademais de ser unha vía de promoción para que escritores galegos poidan chegar aos lectores.

O Premio Narrativa Breve Repsol conta, ademais, con importantes personalidades da cultura galega que cada ano forman o xurado para elixir a obra gañadora, e que nesta edición estivo representado por: **Marcos Calveiro**, director de Edicións da Galaxia, **Alberto Ramos**, escritor e gañador da XVI edición do premio Narrativa Breve Repsol, **Xavier Senin**, académico correspondente da Real Academia Galega, **Inmaculada Otero**, crítica literaria nomeada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e **Dolores Vilavedra**, profesora da literatura galega na USC e crítica literaria.

Ao longo das súas edicións o Premio Narrativa Breve Repsol consolidouse como un certame de referencia no panorama das letras galegas, sendo preto de 500 as obras que se presentaron ao concurso desde a súa creación.

O gañador

Francisco Javier Fernández Davila, (Vigo, 1974) é enxeñeiro de Minas e MBA en Responsabilidade Social Corporativa pola Universidade de Vigo.

En 2016 comezou a escribir en diversos obradoiros de escrita creativa impartidos por Clara do Roxo. Nese primeiro ano de escrita gañou o 1º premio de poesía no **I Certame de Enxeñería Sen Fronteiras** con **Capetón**, un poemario sobre os anos que o seu pai pasou nas augas do Sur de África. Tamén acadou os segundos premios no **X Certame Literario Terras de Chamoso** de poesía con **Princesa de Fukushima**, así como o de relato no **XLIX Concurso Literario Casino Ateneo de Béjar** coa súa obra **Aliento de Bronce**.

No 2017 gañou o **XVII Certame de Novela por Entregas de La Voz de Galicia** con **A senda de sal**, unha novela sobre a segunda guerra mundial na ría de Vigo.

No ano 2018 obtivo o **1º Premio de Relato Curto da Universidade de Vigo**, con **K.A.R.M.A.**, e resultou tamén vencedor do **XVII Certame Antón Avilés de Taramancos**, en Noia, o que implicou a publicación da súa segunda novela curta **Alana**, unha novela de aventuras ambientada nas guerras de conquista da Gallaecia por parte da República Romana. Tamén, nese ano 2018, despois da súa segunda viaxe ás Illas dos Azores, comezaría a escrita de **Groenlandia**, a novela que galardoada nesta edición.

No ano 2019 gañou o **XII Premio de Poesía Victoriano Taibo**, de Gondomar, o que implicou a publicación do seu primeiro libro de poesía **Mover os Marcos**, un poemario en homenaxe á súa nai e o seu pai, e recibiu o primeiro premio no **XXXIII Certame de Poesía Rosalía de Castro de Cornellá** por **Poemas d aeroporto**, un poemario feito durante a súa primeira viaxe de traballo a Kiiv.

No ano 2020 non publicou libro ningún, pero gañou o **Premio de Poesía Concurso de Relatos y Poemas "Letras Con Morriña" de Argentina**, declarado de interese cultural da cidade de Buenos Aires, co poemario en galego e inglés **Puerto Deseado**. Recibiu o segundo premio no **IX Certame de poesía Xosé M. López Ardeiro** por **miCROrREtRaTOs**.

E no 2021 gañou o **XI Concurso de relatos de inspiración científica – Inspiraciencia-** co seu relato **Lúa Negra**, e levou o segundo premio no **XV Certame Literario Terras de Chamoso** por **Rexina**.

No 2022 publica con Galaxia a súa terceira novela, **O bosque do duque (s'-Hertogenbosch)**, un relato sobre a busca da identidade nos fillos de galegos criados na emigración en Europa, e que está ambientado na cidade neerlandesa de Den Bosch.

E no 2023 gañou o **VIII Premio de Novela Curta Antón Risco** por **Primavera. A camareira, o cuarto e o libro de poemas** e acadou o **IX Certame Poético Rosalía de Castro** do Concello de Padrón, por **koupostela** un poemario sobre a cara menos agradable da capital de Galicia que se publicará a finais deste ano e o 1º premio de poesía no **XX Certame Literario de Ames** de poesía por **Sobre as linguas en Comala**, falando da correlación entre a desaparición da lingua e a identidade galega.

Máis información:
Repsol Galicia - Comunicación
Telf.: 981 181 734 / 629 372 788